



A sorprendente espada de

 Mathilda Jones

Xoán Bernárdez Vilar

Se ben que, segundo se interpretou con base a un comentario do xeógrafo Strabón de Amasia (c. 63 a. C. - c. 20 d. C.), Aristóteles de Estagira (384-324 a. C.) quizais chegou a afirmar acerca da Atlántida que «O que a inventou, tamén a fixo desaparecer», referendando así a xeral crenza daquela existente entre os ilustrados daquel tempo. Tamén se sabe que tanto daquela coma hoxe considerábase mito á «visión primitiva das cousas», ou á «protofilosofía», circunstancias que non fai senón complicar máis as cousas dado que ese posible «inventor», directo ou indirecto, de canto coa Atlántida se relaciona foi nada menos que Platón de Atenas (427-347 a. C.), ao longo de vinte anos mestre tamén do propio Aristóteles.

Esta cativa introdución vai servir para nos introducir no feito de que a comezos do mes de setembro pasado, unha nena

de sete anos, Mathilda Jones, que se estaba a bañar co seu pai na lagoa de Dozmary Pool, na Cornualla, descubriu no fondo da mesma, a causa do seu agora reducido nivel, unha espada de arredor de 1,3 metros de longo. Curiosamente, ese día o seu proxenitor fóralles explicando, tanto a ela como a súa irmán, no traxecto que dende as inmediacións de York ata alí viñan de cubrir, o mito artúrico, indicándolles que se viña considerando Dozmary Pool o lugar onde Artur, gravemente ferido durante a loita contra o seu sobriño Mordred, en Camlann, déralle a sir Bediver a orde de botar a súa espada Excalibur. O lugar era o mesmo no que había anos, cando perdera a súa arma habitual nun combate contra o rey Pellinor, fora conducido por Merlín a tal lagoa, no medio da cal advertíase un brazo feminino cuberto de brocado, cunha espada, á que a obra galesa *Mabigionion*,